



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

BASES ESPECÍFICAS PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTOS DE OFICIAL DE 2ª-ALBANEL (PEL CONCELLOS ANUALIDADE 2020)

1ª.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo de persoas desempregadas para a súa contratación laboral temporal, consonte ás bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, Pel Concellos anualidade 2020 (BOP núm. 29, do 12-2-2020) (BPEL)

A convocatoria prevé a cobertura polo sistema de concurso-oposición a través das presentes Bases específicas de 1 posto de oficial de 2ª-albanel en réxime de contratación laboral temporal.

Estas bases regularán todo o non previsto polas Bases xerais para a selección de traballadores dentro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña (Pel Concellos anualidade 2020) , aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 28 de maio de 2020

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: PS 18-2020

3ª.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS

- a) Categoría: pintor
- b) Tipo de contrato: Obra/servizo determinado a tempo completo-Eventual por circunstancias da produción
- c) Xornada completa
- d) Duración do contrato: por un período de 6 meses dende o inicio do contrato e, no suposto de que pola data de inicio do contrato o período de contratación fose inferior aos 6 meses, como máximo ata o 31-12-2020
- e) Grupo de cotización: 8
- f) Retribucións: Soldo: 1318,84€ brutos mensuais, pagas extraordinarias semestrais por importe de 1470€ brutos mensuais.
- g) Funcións: As propias da categoría profesional relacionadas cos servizos mínimos dos Concellos: pavimentación das vías públicas, mantemento de parques, accesos a núcleos poboación, recollida de lixo, mantemento de alumado público, abastecemento auga, así coma aquelas outras de similar categoría e funcións que lle sexan encomendadas polo Concello
- h) Horarios: Os establecidos polo concello.

4ª.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais dos establecidos nas bases xerais:

- a) Non se esixe requisito de titulación
- b) Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8ª.

5ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Ás solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón: <https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo é de **7 días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación na sede e/ou no BOP.

Unicamente as persoas que resulten aptas nas probas haberán de presentar **no prazo de dous días hábiles, a contar dende o mesmo día de publicación da listaxe, os documentos autenticados que acrediten cumprir algún dos requisitos esixidos na base SEGUNDA h) destas BASES XERAIS.** Os requisitos inescusablemente son os seguintes e xustificaranse como se establece a continuación:

-Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. (Xa quedou xustificado coa presentación do DNI).

-Maiores de 45 anos. (Xa quedou xustificado coa presentación do DNI).

-Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%. **Acreditarase co recoñecemento da discapacidade por parte da Xunta de Galicia.**

-Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. **Xustificarse con informe do traballador social do Concello onde resida o aspirante elaborado dentro do prazo comprendido dende a publicación do proceso de selección ata a data en que se ha de presentar dentro do proceso.**

- Parados de longa duración. Aos efectos deste programa se considerarán como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.(Xa quedou xustifico coa presentación do xustificante de ser demandante de emprego).

-Persoas vítimas de violencia de xénero. **Xustificarse con informe do traballador social do Concello onde resida o aspirante elaborado dentro do prazo comprendido dende a publicación do proceso de selección ata a data en que se ha de presentar dentro do proceso ou coa fotocopia da sentenza xudicial.**

6ª.- PROCESO SELECTIVO.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición, polo que consistirá en dúas fases:

1.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: Consistirá en contestar durante un período máximo de trinta minutos unha serie de preguntas curtas sobre o temario completo (Materias comúns das bases xerais e materias específicas). Poderá ser oral ou escrito segundo o decida o tribunal cualificador. Puntuación máxima 10 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: Realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 10 puntos.

-Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

-Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

2.- Fase de concurso.

Na **fase de concurso**, o Tribunal examinará os méritos presentados polos aspirantes coa instancia e os cualificará con arranxo ao seguinte baremo:

FORMACIÓN: ata un máximo de 5 puntos.

- Por cada programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas relacionados co posto de traballo a desempeñar.....1 punto.

- Por cada programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas.....0,5 puntos.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

Só valoraranse os méritos presentados por aquelas persoas que superen a fase de oposición.

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de galego.

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 4º realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9ª.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

1. O Concello de Sada. Configuración xeográfica. Límites. Termo municipal. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Sada.
2. Os servizos públicos municipais. A conservación de instalacións públicas. As obras públicas.
3. Principios básicos da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Prevención de riscos laborais. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Normas básicas de seguridade e saúde laboral. Equipos de protección colectiva e equipos de protección individual. Manipulación manual de cargas.
4. Tipos de maquinaria e ferramenta en albanelería. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Ferramentas manuais. Características e usos. Materiais auxiliares empregados na albanelería. Mallas, cantoneiras, perfís auxiliares, selantes, etc.
5. Formigóns: Clases. Preparación. Aditivos. Morteiro: composición e clases de morteiro. Pavimentación de vías. Tipoloxía. Sistemas construtivos. Mantemento e reparación. Acerados. Subbases. Soleiras. Pavimentación.
6. Instalacións urbanas: Redes de auga, saneamento e iluminación. Materiais e tipoloxías.
7. Ferramentas e máquinas que se empregan normalmente na construción. Formas de usalas e precaucións para a súa correcta conservación. Medidas preventivas para a súa utilización.
8. Pavimentacións: A pavimentación en vías públicas. Reposición. Materiais.

Dilixencia.- Estas bases foron aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm.1261/2020, do 18 de xuño Sada na data da sinatura dixital

A Secretaria Xeral

María del Carmen Seoane Bouzas